

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa de Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 09:45 horas do 7 de novembro de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta de data 30 de xullo de 2013.
2. Ampliación lista de espera da categoría de Técnico Superior de Calidade.
3. Cobertura das seguintes prazas: Técnico Superior de Valorización da Propiedade Intelectual e Técnico Especialista de Electrónica en Instrumentación Científica e Calibración.
4. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
5. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 30 DE XULLO DE 2013.

Apróbbase a acta por unanimidade.

2. AMPLIACIÓN LISTA DE ESPERA DA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR DE CALIDADE.

O Vicexerente de Recursos Humanos, baseándose no informe enviado aos membros da comisión xunto coa convocatoria da mesma, informa que no ano 2010 houbo un proceso selectivo de ampliación da lista de espera que superaron dúas persoas, unha das que actualmente ten contrato indefinido por mor de sentenza xudicial, co que na lista hai só unha persoa dispoñible neste momento. Ademais, no pasado inmediato se tivo que recorrer ao servizo de emprego para poder realizar unha substitución, polo que é necesario ampliar a lista de espera.

3. COBERTURA DAS SEGUINTE PRAZAS:

- **TÉCNICO SUPERIOR VALORIZACIÓN DA PROPIEDAD INDUSTRIAL**
- **TÉCNICO ESPECIALISTA DE ELECTRÓNICA EN INSTRUMENTACIÓN CIENTÍFICA E CALIBRACIÓN.**

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a Universidade non está obtendo o resultado esperado das patentes propias, polo que se estima adecuada a dotación temporal, non en RPT, dunha nova categoría: Técnico Superior de Valorización da Propiedade Industrial; pero tendo en conta o escenario que prefigura o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para a Universidade de Vigo, que contempla un recorte respecto das cifras deste exercicio, a Xerencia debe retirar este punto da orde do día.

Con respecto á categoría de Técnico Especialista de Electrónica en Instrumentación Científica e Calibración, os fundamentos para crear esta nova categoría figuran no informe que se remitiu xunto coa convocatoria. Non se pode acudir á lista de espera de Técnico Especialista de Electrónica porque as tarefas son distintas, moi específicas de mantemento e calibración de aparatos científicos que requiren unha formación e especialización propias; esta praza permitiría reducir os elevados custes de mantemento e reparación que actualmente estanse a pagar ás empresas subministradoras.

Os representantes sindicais de CIG e UXT consideran que estas necesidades poden ser atendidas perfectamente pola categoría existente de Técnico Especialista en Electrónica, e non encontran xustificado a creación dunha nova categoría.

4. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.

Luis Pérez sinala que no informe non figuran os contratos de fin de semana correspondentes á apertura da bibliotecas, precisando os días exactos de contratación; o Xefe do Servizo de PAS recoñece o erro, e sinala outro nas datas do último dos contratos que corresponden á substitución dun TE de Bioloxía, polo que se corraxirá este informe de inmediato e se remitirá novamente a todos os membros.

Luis Pérez pregunta como se ofertan estes contratos; o Xefe do Servizo de PAS informa que, co obxecto de ofrecer unha mellor proposta aos interesados e axilizar a xestión, se lle reserva a cada persoa os tres contratos que se corresponden ao período de apertura. Luis Pérez considera que esta forma de proceder non é correcta, senón que rematado o contrato cada candidato debería reincorporarse á lista de agarda e dende o servizo iniciar de novo as ofertas. José Manuel Fernández Viña admite que en aplicación estrita este sería o modo de actuar axeitado, e que tratarán de facelo así no seguinte período de apertura das bibliotecas, aínda que complica a xestión e mesmo pode xerar algunha desvantaxe aos candidatos.

Xan Cebro indica que existe problemas de acumulación de tarefas, sobre todo de tipo económico, no departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade do Campus de Pontevedra, acuciados polo peche do exercicio económico, polo que require que se reforce con persoal para poder atender suficientemente a carga de trabalo, en tanto non se aprobe a modificación puntal da RPT, que se está a negociar actualmente. O Vicexerente de Recursos Humanos contesta que ao día seguinte está convocada precisamente unha reunión para continuar precisamente coa negociación da RPT é que ese é o lugar para tratar este asunto.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Xan Cebro considera que cando se negocia a RPT do PAS funcionario se alegan recortes e problemas presupostarios mentres que a esta comisión a Xerencia trae continuamente novas prazas de persoal laboral, moitas delas de grupo I, que teñen un custe moi importante para a Universidade. O Vicexerente de Recursos Humanos expón que responden a necesidades novas que son consecuencia dos servizos que a Universidade está obrigada a prestar, con frecuencia como consecuencia da posta en marcha de novos edificios e infraestruturas, outras porque comezaron se recibiron subvencións e axudas externas e terminan consolidándose, e en todo caso porque se precisan para dar apoio á área de investigación e desenvolvemento.

En relación co animalario, Ángel Torreiro pregunta cándo se vai contratar ao veterinario e se hai novidades sobre o curso de capacitación de manexo de animais de experimentación. O Vicexerente de Recursos Humanos responde que a incorporación do Técnico Superior Veterinario producírase meses antes da apertura do edificio, para o que está en contacto coa Responsable desta dotación; no que atinxe ao curso de capacitación, segue sen haber novas.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 10:50 horas, da que como Secretaria redacta esta acta.